



Deputación  
DA CORUÑA

Nº19

31/10/2017

# Boletín de Medio Ambiente



## Penedos de Pasarela e Traba

Concellos: Laxe e Vimianzo

Características: Declarado paisaxe natural protexido en decembro de 2008, o seu espazo delimitano 4 picos: Pena dos Mouros, Pena Forcada, O Castelo e a Torre da Moa, 4 pedras que o vento moldeou ao seu antollo.

A imaxinación popular púxolle nome ás rochas máis singulares do lugar: a cachucha, a tartaruga, o gardián, a agúa de marffany (na fotografía),....

Ruta: Existe unha ruta de sendeirismo lineal de 6,5km de lonxitude que ofrece vistas das diferentes formacións rochosas, de dificultade media/alta e unha duración aproximada de dúas horas.

## Noticias

### Activase o Plan de Emerxencia por Seca en Vigo

O Concello de Vigo activa o plan de emerxencia por seca ao ter subministración tan só para 104 días. O encoro de Eiras está ao 48,3% da súa capacidade e o de Zamáns ao 44,4%.

Trátase dun primeiro paso que pretende concienciar á poboación sobre o problema da seca e reducir o consumo un 5%. Si persiste a seca e a subministración redúcese a 70 xornadas pasarase á categoría de escaseza severa. Si se reducíse a menos de 40 días entraríase xa nunha situación de emerxencia e aplicaríanse restriccións ao consumo.

O plan aprobouse en 2011, un ano especialmente seco, aínda que este ano está preto de superalo.

Fonte: Faro de Vigo

### Vinculan 3 tipos de cancro coa contaminación

O Instituto de saúde global de Barcelona e a Sociedade Americana contra o Cancro realizaron un estudo epidemiolóxico a gran escala que concluíu que o cancro de pulmón non é o único vinculado á contaminación do aire. A investigación relaciona a polución co desenvolvemento de tumores de ril, vexiga e colorrectais.

No estudo participaron 600.000 adultos estadounidenses durante 22 anos, entre 1982 e 2004. O estudo vincula as partículas de dióxido de carbono co cancro colorrectal, e os de vexiga e ril a partículas no aire.

Fonte: La Voz de Galicia

## 50% menos de emisións en coches eléctricos

Un recente estudo da Universidade Libre de Bruxelas mostra que os coches eléctricos producen ao longo da súa vida un 50% menos de gases de efecto invernadoiro que os coches diesel máis eficientes.

O estudo mostra que, mesmo en Polonia, que produce a maior parte da súa enerxía a través do carbón, os vehículos eléctricos producen un 25% menos de gases de efecto invernadoiro que un vehículo diesel.

Espérase que en novembro a Unión Europea poña en marcha unha nova estratexia canto a emisións para 2030, pero moitos puxeron de manifesto que debido a que na Unión Europea non existe ningunha empresa que fabrique as baterías de litio que usan os coches eléctricos, será difícil que se aumente a presenza deste tipo de vehículo na Unión.

Fonte: The Guardian

## Nova ameaza para o Amazonas

As ameazas coñecidas do Amazonas, o bosque tropical máis grande do mundo e o que se considera o pulmón do mundo, son a gandería e a agricultura. Pero un estudo do Instituto Nacional de Investigacións Espaciais de Brasil revelou que a taxa de deforestación aumentou un 29% entre agosto de 2015 e xullo de 2016 debido a que se suma unha nova ameaza: a minería.

O estudo, dirixido pola Universidade de Vermont, revela que a minería foi a culpable dun 10% da deforestación do Amazonas desde 2005 ata 2015. As estimacións ata agora realizadas atribuían entre un 1% ou 2%.

Ademais o 90% da perda de bosque produciuse en zonas onde o goberno brasileiro non concedera licenza para a explotación de minerais, o que supón unha preocupación engadida.

Fonte: El Mundo

## Riscos ambientais dos vehículos eléctricos

A produción a gran escala de coches eléctricos pode chegar a crear grandes problemas ambientais. As baterías coas que funcionan estes vehículos fábrícanse con minerais moi escasos que poderían impedir que nun futuro ofrézanse a prezos razoables e con dispoñibilidade para todo o público.

Minerais como litio, cobalto, níquel, grafito e as chamadas terras raras, son os necesarios para fabricar a batería, e a súa extracción xera riscos ambientais. Para extraer litio pásase por un proceso de trituración de rochas e separación en lagos salgados que esixe grandes cantidades de enerxía e de químicos para a súa purificación. No caso das denominadas terras raras, para a produción de 1 tonelada déixanse 75.000 quilos de restos acedos. Tamén o níquel trae problemas, en Filipinas, o maior país produtor do mundo deste mineral, tivéronse que cerrar ata 20 minas no que vai de ano.

Para que a produción a gran escala de vehículos eléctricos sexa viable é necesario que os fabricantes substitúan estes minerais por outros materiais que non causen catástrofes ambientais.

Fonte: El Diario

## Sabías que...

un dos efectos da seca é a subida do recibo da luz?

A falta de choiva fai que caia a xeración de electricidade hidroeléctrica e que suban a xeración de electricidade das centrais de gas e carbón, que son as máis caras.

## Abre en Escocia o primeiro parque eólico mariño flotante

A empresa pública norueguesa de petróleo Statoil en colaboración coa firma de enerxías renovables de Emiratos Árabes Masdar, construíron o primeiro parque eólico marítimo do mundo capaz de flotar.

As cinco turbinas instaladas no primeiro proxecto co selo Hywind miden 253 metros de altura, dos que 78 quedan mergullados. Estas turbinas flotantes poden instalarse a unhas profundidades de ata 800 metros, as convencionais en parques eólicos mariños só son instalables en profundidades ata 50 metros.

O parque ten unha capacidade de 300 KW e poderá abastecer de enerxía a 20.000 vivendas.

Fonte: El País

## Xornadas de anelamento para nenos de Abegondo

O Concello de Abegondo realizou ao longo do ano xornadas infantís de anelamento de aves no Encoro de Abegondo-Cecebre. Esta actividade, financiada pola Deputación da Coruña no ámbito do Plan de Medio Ambiente 2016, destinouse a nenos da escola infantil 'Pasiños', o CEIP de San Marcos e o IES de Vios, os 340 escolares que asistiron ás xornadas aprenderon da importancia do anelamento de aves ademais de coñecer os valores ambientais a protexer na zona, que está incluída na Rede Natura 2000.

Ademais, o Concello editou unha guía de aves no Encoro Abegondo-Cecebre, onde poder identificar as aves que se poden observar máis comunmente na zona.

Fonte: Deputación da Coruña

## Rede de electrolineiras en varios Concellos da provincia

Abre a primeira rede de electrolineiras nos Concellos de Santiago, Brión, Ames, Santa Comba, O Pino e Oleiros. As 6 electrolineiras, que abriron as súas portas o pasado xoves, veñen da man de Los Ángeles Gas e a empresa EDF.

Instaláronse puntos de carga lenta con preinstalación para carga rápida, un servizo que ofrecerán segundo creza a demanda do servizo. Ademais instaláronse plantas fotovoltaicas nas electrolineiras.

O custo da carga do vehículo será ao redor de 3€.

Fonte: La Voz de Galicia

## Axenda Ambiental

- 2/11/2017 – 3/11/2017 II Foro Internacional de Restauración Ecolóxica: Creando Redes. Madrid
- 2/11/2017 – 5/11/2017 XXIII Congreso español de ornitología. Badaxoz.
- 6/11/2017 FotoAves 2017
- 8/11/2017 – 9/11/2017 IV Xornada de seguemento no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: [desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal](mailto:desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal)